



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1. E-mail:  
[mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com](mailto:mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com)  
36995. Poio (Pontevedra).  
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e sete de setembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Xosé L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. María Alicia Martínez González, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D<sup>a</sup>. María Celeste Nieto García, D. Ángel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D<sup>a</sup>. María del Mar Villaverde Rosales e D. Alberto Villaverde Méndez; escusa a non asistencia o concelleiro D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste en calidade de Interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez; asiste como Secretaria Xeral D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz, reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3574.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 26 DE XULLO E 19 DE AGOSTO DE 2011 NÚMEROS 460 E 461, RESPECTIVAMENTE.- De conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta das actas anteriores correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria realizadas o 26 de xullo de 2011 e 19 de agosto de 2011, respectivamente, e non habendo ningunha consideración estas quedan aprobadas por unanimidade.

3575- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3560.- SECRETARÍA, PROPOSTA DO CONCELLO PARA A OCUPACIÓN DA

VOGALÍA DA SECCIÓN 2ª NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente remitiuse á Delegación de Economía e Facenda en Pontevedra; 3561.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 15/2011, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse e publicouse anuncio no BOP de Pontevedra; 3563.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO NO FRONTE MARÍTIMO DE RAXÓ, NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NÚM. 13- DOCUMENTO DE INICIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3564.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DA PLANIMETRÍA DO PXOM EN COVELO- SAMIEIRA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse e publicouse no BOP de Pontevedra; 3565.- CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO E DEVOLUCIÓN GARANTÍAS COMPLEMENTARIAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación e notificouse á empresa adxudicataria e ao resto dos licitadores; 3566.- CONTRATACIÓN, EXPEDIENTE DE SERVIZO DE BAR DA CASA DE CULTURA XAIME ISLA COUTO.- RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación e notificouse aos licitadores; 3567.- INICIACIÓN EXPEDIENTE PARA ELIXIR XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Tribunal Superior de Xustiza; 3569.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN DO ICIO PARA O EXPTE. Nº 162 A NOME DE FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ ESPERÓN E O EXPTE. Nº 172 A NOME DE OLGA MARTÍNEZ ESPERÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e Intervención, e notificouse aos/as interesados/as; 3570.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEMP EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS EE.LL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Delegación da Axencia Tributaria en Pontevedra; ;3571.- ALTERACIÓN DE PORCENTAXES GASTOS PLURIANUAIS DAS OBRAS INCLUIDAS NA MEMORIA "ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS DENTRO DO PLAN RECOMERCIA AVDA. ANDURIQUE" E APROBACIÓN CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3572.- FESTAS LOCAIS 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar; 3573.- PROPOSTA ALCALDÍA TRASLADO MESAS "A" E "B" DO LOCAL ELECTORAL UBICADO NA CONFRARIA DE PESCADORES DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Oficina Nacional de Estatística."

A Corporación dáse por enterada.

3576.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3577.- RATIFICACIÓN ACORDO NÚMERO 9524 ADOPTADO POLA XGL DO 29 DE AGOSTO DE 2011, EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE URBANISMO NÚMERO 276/11, APERTURAS PORTOS DE GALICIA, DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS E USOS PORTUARIOS DO PORTO DE COMBARRO.- Dáse conta á Corporación do acordo número 9524 do 29 de agosto de 2011 adoptado pola Xunta de Goberno Local por razón de urxencia en virtude do disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado e da comunicación remitida pola entidade Portos de Galicia da Consellería do Mar que tivo entrada no Concello o día sete de xullo de 2011, número de entrada no Rexistro Xeral 3863, ao que se xunta un exemplar dixital do documento de delimitación dos espazos portuarios do porto de Combarro para que, de conformidade co artigo 96 da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, se emita por parte do Concello de Poio informe acerca do mesmo e comunícase "... que o informe entenderase favorable se transcorrido 45 días que se contarán dende o seguinte ao de recepción desta documentación non fora emitido de forma expresa".

Dentro do devandito prazo e unha vez remitido aos servizos técnicos municipais emítense os seguintes informes:

Informe emitido pola arquitecta e pola técnica municipal da Unidade de Aperturas o 21 de xullo de 2011 que di textualmente: "UNIDADES: URBANISMO- APERTURA de establecementos e instalación de Actividades

ASUNTO: INFORME sobre PLAN de delimitación de los espacios y usos portuarios del Puerto de Combarro

Exp.: Urb.276/11

Una vez revisada la documentación remitida por el ente Portos de Galicia (Consellería do Mar da Xunta de Galicia) el 07/07/2011 (entrada en Registro núm. 3863) en relación ao Plan de delimitación de los espacios y usos portuarios del Puerto de Combarro , se emite el siguiente

INFORME:

1.- En el plan no se delimita ningún espacio para Usos Comerciales de los contenidos en la Ley 48/2003, de 26 de noviembre, de régimen económico y de prestación de servicios de los puertos de interés general, en concreto los contemplados en el CAPÍTULO III de la utilización del dominio público portuario estatal, artículo 94.1.a) de usos y actividades permitidas en el dominio público portuario. A tal efecto, tienen la consideración de usos portuarios los

siguientes:

a) **Usos comerciales**, entre los que figuran los relacionados con el intercambio entre modos de transporte, los relativos al desarrollo de servicios portuarios básicos y **otras actividades portuarias comerciales.**

2.- En la zona delimitada como Náutico-Deportiva se encuentra el edificio de servicios y el edificio de capitania, en estos se desarrollan ya (hay algunos locales vacíos aún sin acondicionar) actividades comerciales, recreativas y de servicios, existen bares restaurantes, aparcamiento publico, oficinas etc. Asimismo, en este edificio el Ayuntamiento, por convenio con la empresa concesionaria del Puerto, dispone de **un local destinado a equipamiento cultural / oficina de turismo / sede asociaciones náuticas / Piraquismo / ...**.

3.- Seria conveniente delimitar en la zona, usos mixtos (como tienen otros espacios portuarios delimitados) comerciales y complementarios o auxiliares para dar cabida a usos: dotacional, aparcamiento publico, recreativo y comercial de servicio al público, usos que se desarrollan en los edificios existente en el Puerto de Combarro, y que prestan un servicio importante en un Puerto enclavado en un pueblo, catalogado como patrimonio artístico, que visitan numerosos turistas: su localización en el puerto esta justificada por los servicios que puede prestar a los usuarios del puerto deportivo de mas de 350 atraques.

4.- No es contrario al ordenamiento jurídico admitir estos usos ,que serian acordes con los usos portuarios, no estaria en contradicción con la norma general del arto 94° "de que en la zona de servicio de los puertos, sólo podrán llevarse a cabo las actividades, instalaciones o construcciones que sean acordes con los usos portuarios y de señalización marítima". Tampoco entra en contradicción con la norma contenida en el artículo 3.6: por su carácter también recreativo; la sentencia recurrida, ya señalaba que determinadas formas de uso comercial son en la actualidad normal complemento de equipamientos recreativos.

Lo anteriormente expuesto, se desprende de la Sentencia, del Tribunal Supremo, Sala Tercera de lo Contencioso-administrativo, Sección 53, Sentencia de 4 de octubre de 2006 recurso de casación interpuesto por AYUNTAMIENTO DE VIGO, el CONSORCIO DE LA ZONA FRANCA DE VIGO, COMUNIDAD AUTONOMA DE GALICIA, contra la sentencia de la Sección Segunda de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, de fecha 30 de enero de 2003, sobre aprobación definitiva del Plan Especial de Ordenación del Puerto de Vigo, que estima la compatibilidad con los usos portuarios, con la instalación de un centro recreativo comercial. Señalando:

.- Que la Ley 27/1992 en el artículo 3.6, refiriéndose a los puertos comerciales que dependan de la Administración del Estado, y después de decir que asimismo podrán incluir en su

ámbito espacios destinados a otras actividades no comerciales cuando éstas tengan carácter complementario de la actividad esencial, prevé que también puedan incluirse espacios destinados a equipamientos culturales o recreativos, certámenes feriales y exposiciones, Siempre que no se perjudique globalmente el desarrollo de las operaciones de tráfico portuario .

- - Que en el Capítulo III del Título IV de la Ley 48/2003, de 26 de noviembre, dedicado a la utilización del dominio público portuario estatal; en el artículo 94°. 1. d) 1, existe una norma similar a la del arto 3.6 anterior, añadiendo en el párrafo siguiente: "En aquellos terrenos que no reúnan las características naturales de bienes de dominio público marítimo-terrestre definidos en el artículo 3 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, y que, por causa de la evolución de las necesidades operativas de los tráficos portuarios hayan quedado en desuso o hayan perdido su funcionalidad o idoneidad técnica para la actividad portuaria, podrán admitirse en el dominio público portuario espacios destinados a usos no portuarios, tales como equipamientos culturales, recreativos, certámenes feriales, exposiciones y otras actividades comerciales no portuarias, siempre que no se perjudique el desarrollo futuro del puerto y las operaciones de tráfico portuario y se ajusten a lo establecido en el planeamiento urbanístico" .

5.- Es aconsejable delimitar los usos antes expuestos, no solo por tener coordinación entre las Administraciones con competencia concurrente sobre el espacio portuario (artículo 18°.1) sino también en previsión de evitar interpretaciones distintas a la hora de redactar el Plan Especial del Puerto, ya que es en este donde se regulan los usos urbanísticos del espacio comprendido en la zona de servicio del puerto, constituyendo los- planes especiales los verdaderos instrumentos para la ordenación urbanística del puerto y a través de los cuales se ejercitan las competencias de cada administración".

Informe emitido pola secretaria xeral do Concello o 22 de agosto de 2011 que é o seguinte:

#### **"1. Antecedentes de feito.**

- Con data 7 de xullo de 2011, número rexistro de entrada 3863, remítese pola entidade Portos de Galicia documento de delimitación dos espazos portuarios do porto de Combarro dando cumprimento ao establecido no artigo 96 da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, modificada pola Lei 33/2010, de 5 de agosto, aplicable aos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia. Dita comunicación ten por obxecto a emisión de informe urbanístico sobre o referido plan. O informe entenderase emitido en sentido favorable, se transcorridos 45 días dende a

recepción do documento, non fose emitido en sentido favorable.

•Tendo en conta o disposto no artigo 48.1º e 2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, constando como data de recepción o 7 de xullo de 2011, o prazo máximo para a emisión de informe de forma expresa é o 31 de agosto de 2011, data a partir da cal o documento entenderase informado favorablemente.

•Con data 21 de xullo de 2011 incorpórase ao expediente formado, informe conxunto da arquitecto e da técnico de Aperturas municipais.

#### **-Consideracións xurídicas.**

##### **Primeiro.- Función e obxecto.**

O artigo 148.1.6) da Constitución permitiu que as comunidades autónomas asumisen a través dos seus respectivos estatutos de autonomía, competencias sobre os portos de refuxio, deportivos e en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais. Pola súa banda, o artigo 149.1.20 da Constitución reserva ao Estado competencia exclusiva en materia de portos de interese xeral, configurando unha atribución residual en favor das devanditas comunidades autónomas que comprende todos aqueles portos que non sexan calificados como de interese xeral.

De conformidade có listado do Ministerio de Fomento, son portos de competencia estatal na Provincia de Pontevedra: o porto de Vigo; o porto de Vilagarcía de Arousa e a súa ría e o porto de Marín e Ría de Pontevedra.

Pois ben, o exercicio das competencias que en materia de ordenación do porto e a planificación e xestión urbanística podan corresponder á Comunidade Autónoma de Galicia xunto coas que resultan ser da titularidade doutras Administracións Públicas, materialízase a través de dous instrumentos dotados dunha natureza diferenciada: o Plan de Utilización e o Plan Especial.

A consellería do Mar da Xunta de Galicia, a partir do ente adscrito Portos de Galicia, remite con data 7 de xullo de 2011, o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Combarro.

Pese á delimitación negativa anteriormente efectuada, deberíase levar a cabo unha mellor definición das actividades portuarias previstas e da conseguinte identificación de necesidades, para os efectos do establecido nos artigos 2 e 3 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Marina Mercante e dos que sen dotar de tal carácter ao porto podan ter cabida dentro dos definidos no artigo 94 da Lei 48/2003, de 26 de novembro, tal e como se exporá a continuación e se inclúe no informe técnico conxunto de 21 de xullo de 2011.

Non existe unha definición legal do plan de delimitación de espazos e usos portuarios, máis o seu contido ten sido obxecto de numerosos pronunciamentos xurisprudencias como,

entre outras, o reflectido na sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª, de 25 de febreiro de 2004, rec. 3678/1999, cando no seu fundamento xurídico primeiro sinala:

"...A mayor abundamiento la Sala de instancia añadía que el Plan de Utilización "no regula en sentido estricto los usos urbanísticos" sino que el plan se limita a servir de instrumento de delimitación del perímetro portuario, constituyendo tan solo la previsión a grandes rasgos de los distintos usos pues no regula, en sentido estricto, repetimos, los usos urbanísticos del espacio comprendido en la zona de servicio del puerto, labor que como en seguida veremos se realiza a través del plan especial previsto en el artículo 18 (Fundamento 34 de la Sentencia del Tribunal Constitucional de 19 de febrero de 1998, sobre el artículo 15.2 de la ley 27/1.992), y es que el Plan no hace más que trazar las grandes líneas de planificación, siempre con la exigencia legal de que se justifiquen, tal y como se razonó en el ordinal precedente" ( fundamento jurídico cuarto)".

No mesmo sentido, o artigo 96.3º da Lei 48/2003, do 28 de novembro.

Ditos usos e actividades delimitanse normativamente no artigo 94.1º da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, modificada pola Lei 33/2010, de 5 de agosto, aplicable aos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia:

a) Usos comerciais, entre os que figuran os relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios básicos e outras actividades portuarias comerciais.

b) Usos pesqueiros.

c) Usos náutico-deportivos.

d) Usos complementarios ou auxiliares dos anteriores, incluídos os relativos a actividades lóxicas e de almacenaxe e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais cuxa localización no porto estea xustificada pola súa relación co tráfico portuario, polo volume dos tráfico marítimos que xeran ou polos servizos que prestan aos usuarios do porto.

Dito precepto permite ademais de forma expresa naqueles terreos que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e que, por causa da evolución das necesidades operativas dos tráfico portuarios haxan quedado en desuso ou perdesen a súa funcionalidade ou idoneidade técnica para a actividade portuaria, dentro do dominio público portuario:

Espazos destinados a usos non portuarios, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais non portuarias, sempre que non se prexudique o desenvolvemento futuro do porto

e as operacións de tráfico portuario e axústense ao establecido no plan urbanístico.

Espazos destinados a usos vinculados á interacción portocidade, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais non estritamente portuarias, sempre que non se prexudique o desenvolvemento futuro do porto e as operacións de tráfico portuario e axústense ao establecido no plan urbanístico. As Autoridades Portuarias non poderán participar directa ou indirectamente na promoción, explotación ou xestión das instalacións e actividades que se desenvolvan nestes espazos, salvo as relativas a equipamentos culturais e exposicións no caso de que sexan promovidas por algunha administración pública.

Tal e como se facía constar nos antecedentes de feito e na presente consideración xurídica primeira, o informe técnico conxunto de 21 de xullo de 2011 recolle en aplicación da lexislación descrita e dos fallos xudiciais existentes respecto da súa aplicación, unha serie de deficiencias ou suxerencias na delimitación e definición dos usos portuarios que é necesario emendar ou prever, máis alá dos meramente provisionais, para dotar de maior seguridade xurídica (art. 9.3º da Constitución) ó posterior procedemento de formulación, aprobación e execución do plan especial, sendo ademais manifestación primaria, tal e como igualmente se recolle en tal informe, do principio de colaboración que debe presidir as relacións entre as distintas administracións públicas con competencias concorrentes ou complementarias sobre o mesmo espazo ( artigos 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 54 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local), sen necesidade de ter que efectuar as preceptivas modificacións (15% da superficie destinada a un uso básico), se o interese público xa presente e os mencionados parámetros legais, podan darlle dende este momento cabida.

Aplicación supletoria que das previsións contempladas na Lei 48/2003, de 28 de novembro, en defecto de normativa autonómica, para os portos de interese xeral ten admitido o Tribunal Supremo (Sala Terceira, do contencioso-administrativo, Sección 3ª, de 15 de xaneiro de 2009, fundamento xurídico segundo).

Non se realiza indicación ningunha no informe técnico municipal en canto á delimitación física en sentido estricto da zona de servizo, polo que debe interpretarse coincidente coa definida no PXOM do Concello de Poio.

#### **Segundo.- Procedemento.**

É o regulado no artigo 96.4º da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Aínda que na comunicación non se sinala, o apartado a) de dito artigo establece:



"...

a) A Autoridade Portuaria solicitará informe das Administracións urbanísticas, da Administración con competencia en materia de costas, de pesca en augas interiores, de ordenación do sector pesqueiro e deportes, así como naqueles outros ámbitos sectoriais sobre os que poida incidir a Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios, que deberán informar os aspectos relativos ás súas propias competencias.

..."

Destá forma e tendo en conta a ubicación física do porto deberíase ten conta o informe que poda ser emitido pola Consellería de Cultura e Deportes en relación ao casco histórico de Combarro e os usos asignados a ámbitos que caen dentro do ámbito de protección do conxunto histórico-artístico e do correspondente Plan Especial ( páx. 29 da Memoria), como o que poda ser os que se deriven do contido do Plan de Ordenación do Litoral do que non se realiza mención ningunha no apartado "5. ZONAS DE PROTECCIÓN" da Memoria remitida.

Pese a elo, de introducir como consecuencia dos informe emitidos ou das alegacións presentadas modificacións substanciais no contido do plan de delimitación, deberíase proceder a abrir de novo un trámite de información pública e dar audiencia ás administracións públicas afectadas polas competencias das que resulten ser titulares.

Tolo elo sen prexuízo da aplicación que deba efectuarse do contido marcado pola Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas sobre o medio ambiente.

### **Terceiro.- Vinculación do Plan Especial ao Plan de delimitación.**

Non resulta pacífica en moitas ocasións a especial relación que une ao plan de delimitación có plan especial de ordenación.

Pese a elo, este concello a partir dos distintos informes técnicos incorporados aos expedientes formados con ocasión da construción do porto, ven reiterando a necesidade e a preceptiva existencia de plan de delimitación dos espazos e usos e o correspondente plan especial tal e como ven reiterando numerosas sentenzas do Tribunal Supremo. Entre outras a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª de 15 de febreiro de 2005, fundamento xurídico segundo aclara:

"...

Igual destino deben correr los demás aspectos del súplico de la demanda, centrados en la aparente contradicción entre el Plan de Utilización de los Espacios Portuarios aprobado, que hoy se recurre, y el Plan Especial del art. 18 de la Ley de Puertos que se afirma ha sido aprobado provisionalmente. Este motivo de impugnación se basa en una deficiente comprensión de la naturaleza y fines de ambos planes y desconoce, además, la inexistencia de la subordinación jerárquica que se le

pretende atribuir.

...

Pero es que además no es el Plan de Utilización el que debe plegarse a las previsiones del Plan Especial, como indebidamente sostiene la demanda, sino que, al contrario, en lo atinente a la delimitación de la zona de servicios y a la asignación pormenorizada de los distintos usos, es el Plan Especial el que debe partir de las determinaciones del Plan de Utilización ya que el ámbito sobre el que recae el Plan Especial del art. 18 es, precisamente, la zona de servicios, y esta es determinada exclusivamente por la Administración el Estado, en los términos del art. 15 de la Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante..

El Plan Especial recae, territorialmente, sobre dicho ámbito de la zona de servicios, y se instrumenta para permitir el ejercicio de las potestades urbanísticas en coordinación con las correspondientes al dominio público portuario de titularidad estatal. De ahí que el artículo 18 establezca que "para articular la necesaria coordinación entre las Administraciones con competencia concurrente sobre el espacio portuario, los planes generales y demás instrumentos generales de ordenación urbanística deberán calificar la zona de servicio de los puertos estatales como sistema general portuario..

De ahí que el apartado 2 del artículo 18 señale que "dicho sistema general portuario se desarrollará a través de un Plan Especial o instrumentos equivalente...", de donde cabe inferir una cierta subordinación del Plan Especial al de Utilización, en tanto que éste acota el ámbito espacial del Puerto y asigna usos sobre los que desplegar las competencias propias de la actividad portuaria, que no pueden ser menoscabadas por las Administraciones competentes en materia urbanística..".

O actual art. 94.7º da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, zanza definitivamente dita cuestión ó establecer expresamente:

"Con carácter previo á formulación pola Autoridade Portuaria do plan especial ou instrumento equivalente que ordene a súa zona de servizo deberá estar aprobado o plan de utilización dos espazos portuarios do porto".

En canto á entidade competente para a súa formulación, o art. 2.1º do Decreto 227/1995, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 5/1994, de 29 de novembro:

"Correspóndelle ó ente público Portos de Galicia o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións".

No mesmo sentido, o art. 4 da mesma norma regulamentaria.

#### **Cuarto.- Competencia.**

Se se examinan os artigos 21, 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2

de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, verificábase que non existe unha atribución expresa para os efectos de emitir informes urbanísticos para os efectos solicitados por Portos de Galicia.

En tal sentido poderíase interpretar que se trata dunha competencia que caería dentro da que con carácter residual ostenta o Alcalde, en base ao disposto no artigo 21.1º.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril e que tería sido delegada por Decreto de 30 de xuño de 2011, na Xunta de Goberno Local.

Non obstante, tendo en conta que afecta a un ámbito delimitado polo propio PXOM ou os acordos que son adoptados polo Pleno nos supostos previstos no artigo 85 LOUGA cando se trata de do planeamento doutros municipios limítrofes e o carácter perdurable que no tempo debe ter tal delimitación, pode considerarse que a competencia descansase no Pleno.

De ser así e sendo necesario emitir e notificar de forma expresa o informe dentro do prazo máximo marcado de 45 días hábiles que remataría o vindeiro 31 de agosto de 2011, de non realizarse convocatoria plenaria, o artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal (BOP de 4 de xaneiro de 1996), permite que en casos de urxencia, a Xunta de Goberno Local poda adoptar acordos que correspondan á competencia plenaria, debendo ser ratificados por este último na primeira sesión ordinaria que se realice”.

Incorporados os informes técnicos reseñados, sométese o expediente á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo que, na sesión realizada o 23 de agosto de 2011, adoptou o seguinte ditame:

**Primeiro:** Adherirse ós informes emitidos polos técnicos municipais e remitilos a Portos de Galicia ó respecto do plan de delimitación dos espazos e usos portuarios do Porto de Combarro debendo de incluírse ou especificar en dito plan os usos que actualmente xa se están desenvolvendo no porto.

**Segundo:** Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

**Terceiro:** Que se notifique o acordo que adopte a Xunta de Goberno Local o/aos interesado/s con indicación do réxime de recursos aplicable”.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal e pola necesidade de dar entrada ás alegacións a realizar dentro do prazo máximo marcado de 45 días hábiles seguintes ao de recepción da comunicación recibida de Portos de Galicia con data 7 de xullo de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85,

de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC, **acordou:**

**Primeiro:** Formular as alegacións reflectidas nas consideracións realizadas nos informes técnicos transcritos no presente acordo xunto co indicado no ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, de forma que o futuro documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do Porto de Combarro inclúa ou especifique os usos que actualmente se están a desenvolver no porto.

**Segundo:** Notificar este acordo á entidade Portos de Galicia dentro do prazo máximo marcado na súa comunicación de cinco de xullo de 2011, con entrada no Rexistro Xeral do Concello o sete de xullo de 2011.

**Terceiro:** Dar conta das alegacións formuladas ao Pleno para os efectos da súa ratificación en virtude do sinalado no artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal, na primeira sesión ordinaria que realice."

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou ratificar o acordo número 9524 adoptado, por razón de urxencia, pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 29 de agosto de 2011.

ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELEIRO D. JAVIER DOMÍNGUEZ LINO.

3578.- INTERVENCIÓN E TESOURERÍA, INFORME RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Tesourería e Intervención en relación co informe mensual elaborado polos devanditos departamento para dar cumprimento ao establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de setembro de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 14 de setembro de 2011 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A interventora municipal procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010.

Explica o contido do seu informe manifestando que o apartado 1º trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sen que se procedese ao recoñecemento das obrigas e a 2ª parte do informe trata sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten

atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada."

Non suscitándose debate ningún, a corporación en cumprimento do disposto na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade dáse por enterada do contido do informe, o que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3579.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NUMERO 20/2011, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO EN VIRTUDE DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A REDUCCIÓN DO DÉFICIT PÚBLICO.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de setembro de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 8 de setembro de 2011 que textualmente di o seguinte: "En virtude do establecido no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, por o que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, establecendo o artigo 14, con relación as entidades locais, que se declaran recursos afectados os derivados da aplicación das medidas de redución de costes de persoal durante o ano 2010 e 2011 que se destinarán a unha serie de finalidades que, para o caso do Concello de Poio, o carecer de remanente de tesourería negativo, a adecuada será destinar os recursos afectados a diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.

Habendo sido establecidas as medidas para aplicar o disposto no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio as nóminas dos traballadores a partir do mes de xuño de 2010 nunha Resolución de Alcaldía de data 15 de xuño de 2010 e seguindo a súa aplicación vixente no actual exercicio 2011.

Habendo adoptado ademais un acordo, núm. 3398 no Pleno celebrado o 29 de xuño de 2010 onde se acordou, para o exercicio 2010, con relación as retribucións de órganos de goberno así como as indemnizacións por asistencias e asignacións a grupos políticos, aplicar unha redución do 5% a partir do mes de xullo (este engadido) nas indemnizacións por asistencias e asignacións a grupos políticos así como unha minoración do 6% no salario bruto a percibir por o Sr. Alcalde e a Sra. Tenente de Alcalde así como unha do 4,5% no salario bruto das dúas concelleiras con dedicación parcial e adicar os recursos obtidos tamén a redución do endebedamento a longo prazo. No orzamento do exercicio 2011 xa se consignaron as aplicacións 912.10000 e 912.23300 reducidas na porcentaxe do 5% polo que non se proceden a minorar novamente xa que a medida adoptada o foi por decisión dos membros da Corporación e non por imposición do Real Decreto-Lei 6/2010, de 20 de maio.

Pertencendo os recursos afectados a diversas aplicacións

do capítulo I (gastos de persoal) e sendo necesario transferir este crédito a aplicación 011.91000 (Débeda pública. Amortizacións) co fin de proceder a redución do endebedamento a longo prazo mediante unha amortización parcial dun investimento a longo prazo.

SE PROPÓN:

Se procedan a transferir as contías correspondentes aos acordos adoptados das correspondentes aplicacións do capítulo I do estado de gastos a aplicación 011.91000 co fin de, posteriormente, amortizar débeda a longo prazo como indica o Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio."

Igualmente dáse conta do Informe da Intervención Municipal, de data 9 de setembro de 2011.

A interventora municipal da conta do expediente indicando que a proposta refírese á minoración das aplicacións que figuran na operación contable de retención de crédito que figura no expediente por o importe total de 112.482,79 €, relativas a gastos de persoal, indemnizacións por asistencias e asignacións a grupos políticos, para levar a cabo o establecido no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, sobre medidas extraordinarias para a redución do déficit público incrementando a aplicación 011.91000 e así proceder a amortización parcial da débeda viva.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación inicial e seguir os tramites legais procedentes."

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes aprobou o ditame emitido pola Comisión de Facenda adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 20/2011 mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 112.482,79 € nos termos previstos na operación contable de retención de crédito para transferencias, número 20112201494 de data 28 de marzo de 2011 co fin de incrementar a aplicación 011.91000 "débeda pública. Amortizacións" polo mesmo importe de 112.482,79 €.

**Segundo:** Someter o expediente a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os/as interesados/as poderán presentar reclamacións e alegacións, de non presentarse reclamación ningunha entenderase aprobada definitivamente, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais precedentes.

3580.- INTERVENCIÓN, CONTA XERAL DO EXERCICIO 2010.- Dáse conta do expediente tramitado en virtude do disposto no artigo 208 e ss do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo

que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, en relación coa formación e aprobación da Conta Xeral do exercicio 2010 así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de setembro de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente que, de acordo co establecido no artigo 212.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 148 de data 3 de agosto de 2011, someténdose a información pública polo prazo de 15 días e 8 mais, a efectos de reclamacións, reparos ou observacións e que durante o citado prazo que rematou o día 31 de agosto de 2010, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións en contra da mesma.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún e sometido o expediente a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2010.

**Segundo:** Remitir a mesma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, de conformidade coa lexislación vixente.

3581.- URBANISMO, EXP. 408/10.- SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS PRESENTADA POR DOLORES PENAS RIAL.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de setembro de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup>. Dolores Penas Rial, Exp. Núm. 408/10 en Praza Peirao da Chousa núm. 3 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 27 de abril de 2011, na que solicita a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras correspondente ao expediente 408/10, de construción do cerramento no fronte do terreo situado na Praza Peirao da Chousa núm. 3 de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da Interventora Municipal de data 14 de setembro de 2011.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese a obra correspondente ao expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm.

408/11, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos membros presentes en exercicio das facultades conferidas no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Declarar de especial interese das obras correspondentes ao expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 408/10 de D<sup>a</sup>. Dolores Penas Rial por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

**Segundo:** Aprobar a bonificación do 95% nas cotas do ICIO devengadas.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención, Tesourería e Urbanismo para a realización dos trámites que procedan e ao solicitante con indicación dos recursos que procedan en dereito.

3582.- SECRETARÍA, PROPOSTA DE DESIGNACIÓN VOGAL PARA CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de setembro de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e do escrito do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra no que solicita se remita proposta de vogal ou dunha terna de vogais para elevar a proposta maioritaria a Portos de Galicia para o seu nomeamento como representación das administracións locais e do informe da secretaria xeral de data 15 de setembro de 2011.

O Presidente da Comisión propón que se eleve ao Pleno desta Corporación o nomeamento do Alcalde como representante proposto por este Concello de Poio.

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o nomeamento do Sr. Alcalde, Luciano Sobral Fernández, como proposta para o nomeamento de vogal para formar parte do Consello de Administración Local e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptouse o seguinte acordo:

**Primeiro:** Propoñer ao Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández, para o nomeamento como representante no Consello de



Administración do Ente Público Portos de Galicia.

**Segundo:** Comunicar o presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

3583.- URBANISMO, PROPOSTA POR DESLINDE DE COSTAS NÚMERO DL. 157 PONTEVEDRA.- A Sra. Secretaria presente na sesión explica que en virtude do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e artigo 21.1.k) da lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, de competencia da alcaldía do exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias da súa competencia, incluso cando as houbera delegado noutro órgano e, en caso de urxencia, en materias de competencia do Pleno, neste suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que realice, con data 20 de setembro de 2011 e dentro do prazo establecido presentouse ante a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, Servizo Provincial de Costas en Pontevedra escrito polo que se formula requerimento previo de anulación da orde ministerial de 20 de xuño de 2011 e da Resolución do 20 de xuño de 2011, na que se determina a aplicación por orde ministerial do deslinde da liña de dominio público marítimo-terrestre núm . DL-157-Pontevedra (DES 01/98/36/0003) de todo o termo municipal de Poio segundo se define nos planos de data decembro 2008 e lúm. 1 e 4 de outubro de 2010.

Consta proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2011 que di textualmente: "Con fecha 19 de septiembre de 2011, se formalizó el escrito de requerimiento previo de anulación de la Orden de 20 de junio de 2011, del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, dictada por delegación, por Resolución de la Orden General de Sostibilidade de la costa y del Mar de la misma fecha, aprobando el deslinde nº DL - 157 - Pontevedra (de S01/98/36/0003), que comprende todo el término municipal de Poio, según se define en los planos fechados en diciembre 2008, y nº 1 y 4, fechados en octubre de 2010, todo ello, de conformidad con el dictamen del Asesor Jurídico del Concello, de 1 de julio de 2010, (que consta en el expediente), informe o Estudio de Consolidación de la Arquitecto municipal de 4 de febreiro de 2010, (que consta en el expediente) y del segundo dictamen del Asesor Jurídico, de 31 de agosto de 2011, y el tercer dictamen de 16 de septiembre de 2011, (que constan en el expediente), solicitando del Ministerio la anulación de la Orden y que dicte otra nueva en la que se reduzca la servidumbre de protección del dominio público de 100 a 20m, en todos los núcleos que se indican en el informe de la Arquitecto municipal y que son los siguientes:

**RAXÓ** (planos 01\_SU 01 y 02\_SU01`), ámbitos A y B;

**COVELO** (plano 03\_SU02), ámbitos A y B;  
**CAMPELO** (plano 04\_SU03 y 05\_SU03`), ámbitos A y B;  
**LOURIDO** (plano 05\_SU04), ámbito único;  
**CHANCELAS** (planos 07\_SNR01 y 08\_SNR01'), ámbito único;  
**CASALVITO** (planos 09\_SNR02 y 10\_SNR02'), ámbitos A y B y  
**LOURIDO (núcleo rural)** (plano 11\_SNR03), ámbito único.

Y habiendo sido formulado este requerimiento, por razón de urgencia, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 21.1k) de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a los efectos de dar cuenta al Pleno ordinario a celebrar el día 27 de septiembre de 2011, se propone a la Comisión Informativa de Urbanismo que, previa declaración de urgencia de este asunto, se dictamine favorablemente el requerimiento de esta Alcaldía, de anulación de la Orden de 20 de junio de 2011, a los efectos de que, el Pleno pueda prestar conformidad y ratificación a todas las actuaciones realizadas por la Alcaldía, en este expediente, tanto ante el Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, como ante la Xunta de Galicia, incluso este requerimiento de 19 de septiembre de 2011."

A Comisión Informativa de Urbanismo acordou ditaminar favorablemente dita proposta da Alcaldía nos mesmos termos que figuran nela e que se continúe o trámite correspondente.

Non existindo debate ningún, sometido a votación ordinaria, ó abeiro da normativa de referencia, o Pleno da corporación por unanimidade de asistentes acordou:

**Primeiro.-** Ratificar o requerimento previo de anulación da orde ministerial de 20 de xuño de 2011 e da Resolución do 20 de xuño de 2011, así como todas as actuacións realizadas pola alcaldía neste expediente, na que se determina a aplicación por orde ministerial do deslinde da liña de dominio público marítimo-terrestre núm . DL-157-Pontevedra (DES 01/98/36/0003) de todo o termo municipal de Poio segundo se define nos planos de data decembro 2008 e lúm. 1 e 4 de outubro de 2010. planteado pola Alcaldía con data 20 de setembro de 2011.

**Segundo.-** Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos ao Ministerio de Medio

Ambiente y Medio Rural y Marino.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se producen. ROGOS.- Non se producen.

PREGUNTAS.- O Sr. Martínez Moldes pregunta aos membros de goberno se polo Concello de Pontevedra se remitiu algún escrito ou se se ten coñecemento das actuacións que se van a realizar nese termo municipal e que afectan directamente ao Concello de Poio e que se materializan na Ponte da Barca.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que ata o de agora non se presentou ningún escrito nin se puxeron en contacto con Concello.

INTERPELACIÓNS.-Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.